

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

Av. Porto da Coruña 2
15003 A Coruña

INFORME

s/ref.:2022/C004/000004

n/ref.: SATM/admORD2022cntATUinf

Asunto: Valoracion técnica do sobre B (criterios baseados en xuízos de valor) do expediente de contratación "Servizos de asistencia técnico-urbanística, redacción, dirección e coordinación de proxectos"

Destino: Alcaldía do Concello de Ordes

Teresa Fernández Lorenzo, arquitecta do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (en adiante SATM) da Deputación Provincial da Coruña, atendendo á petición formulada polo Concello, logo de examinar a documentación achegada en relación co asunto de referencia, emito -segundo o disposto regulamentariamente¹- o informe que figura a continuación.

1 ANTECEDENTES

Non constan antecedentes sobre este asunto nin outra información que non sexa a que se deduce da documentación examinada e das consultas orais efectuadas.

2 ASISTENCIA DEMANDADA

Reprodúcese a continuación, de forma literal, un extracto da solicitude de asesoramento en cuestión, salientando aquellas partes que se estiman más significativas.

"Valoración técnica do sobre B (criterios baseados en xuízos de valor) do expediente de contratación "Servizos de asistencia técnico-urbanística, redacción, dirección e coordinación de proxectos"

3 NORMATIVA

O marco normativo é o establecido basicamente por:

- 1 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 25 de febreiro de 2014.
- 2 Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, en todo o que non se opona ao RDL 3/2011 (en adiante RD 1098/2001).

¹ Regulamento de asistencia aos entes locais, aprobado por Decreto da Presidencia do 11 de outubro de 1988 (art. 12, 13).

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

Av. Porto da Coruña 2
15003 A Coruña

- 3 Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) dos servizos de asistencia técnico-urbanística, redacción, dirección e coordinación de proxectos do Concello de Ordes" (en adiante PCA/2022).
- 4 Prego de prescripcións técnicas para a contratación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao Concello de Ordes" (en adiante PPT/2022).

4 CUESTIÓNS PREVIAS

Verificada previamente pola Mesa de Contratación a documentación de referencias técnicas non avaliables automaticamente achegada, limitarei exclusivamente a miña actuación neste informe á valoración das *Referencias técnicas* que figuran no sobre B da oferta resultante, aplicando o previamente determinado para estes efectos nos PCA/2022 e PPT/2022 sobre factores e criterios non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes.

Deste xeito, de acordo coa petición da Alcaldía que motiva este informe, non se efectuará aquí consideración ningunha respecto do substanciado na citada fase acreditativa anterior, nin tampouco se realizará pronunciamento sobre a idoneidade das cláusulas que figuran nos Pregos para seleccionar a oferta máis vantaxosa.

Faise constar, por último, que entre as devanditas referencias técnicas achegadas polo licitador admitido non consta documentación nin datos que deban figurar no sobre C.

5 CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E LEGAIS

- 5.1 Nesta fase de valoración que cómpre efectuar, os factores a apreciar son os que se establecen no anexo II do PCA/2022, en relación coa documentación do sobre B de *Referencia técnica*:

a)Memoria técnica

El licitador presentará una memoria técnica en la que se describan los trabajos a realizar y la organización para la ejecución del servicio, de manera que pueda conocerse su alcance y demuestre el conocimiento de la problemática de los trabajos a realizar. La memoria recogerá los medios materiales que se proponen para la correcta realización de los trabajos e indicará la oficina donde el licitador realizará la ejecución de los mismos.

B) Calidad:

B.1 Plan de calidad

El licitador definirá las medidas que propone para controlar y garantizar, por su parte, la calidad de los trabajos en caso de ser adjudicatario. Para eso deberá aportar un plan de calidad adaptado al objeto del contrato incluyendo, por lo menos, lo siguiente:

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

Av. Porto da Coruña 2
15003 A Coruña

- Aspectos concretos de los procedimientos y medidas implantadas para asegurar la calidad del trabajo
- Organización dedicada al control de calidad.

- 5.2 Examinados os citados factores, confirmo que responden a propiedades adimensionais, non valorábeis por aplicación automática de fórmulas que utilicen criterios baseados en cifras ou porcentaxes.
- 5.3 Consecuentemente co anterior, cómpre significar que a súa puntuación será outorgada mediante un xuízo de valor efectuado con base nos coñecementos facultativos propios da miña especialidade; consonte o meu mellor saber profesional e desde unha posición completamente imparcial; aplicando os criterios que figuran enunciados no PCA/2022

A) Memoria técnica

Valorarase ata 10 puntos conforme a seguinte disgragación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten memoria específica e totalmente adaptada aos servizos	Ata 10 puntos
Ofertas que presenten memoria específica e adaptada aos servizos	Ata 6 puntos
Ofertas que presenten unha memoria xenérica e parcialmente adaptada	Ata 4 puntos
Ofertas que presenten unha memoria insuficiente	Ata 2 puntos
Ofertas que presenten unha memoria non adaptada e incompleta	0 puntos

B) CALIDADE

Plan de calidade

Valorarase ata 10 puntos conforme a seguinte disgragación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un plan de calidade específico e totalmente adaptado aos servizos	Ata 10 puntos
Ofertas que presenten un plan de calidade específico e adaptado aos servizos	Ata 6 puntos
Ofertas que presenten un plan de calidade xenérico e parcialmente adaptado	Ata 4 puntos
Ofertas que presenten un plan de calidade insuficiente	Ata 2 puntos
Ofertas que presenten un plan de calidade non adaptado e incompleto	0 puntos

- 5.4 En calquera caso, as condicións técnicas da oferta deberán ser analizadas en relación co obxecto concreto do traballo; de xeito que se terá en conta a súa mellor adecuación á realidade territorial e social do concello de Ordes
- 5.5 De acordo con todo o previamente indicado, resulta unha valoración da oferta presentada tal como figura reflectida no cadro que se insire a continuación.

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

Av. Porto da Coruña 2
15003 A Coruña

6 VALORACIÓN

Referencias técnicas (Sobre B)	Estudio técnico gallego, S.A.
a) Memoria técnica	<p>Aspectos positivos:</p> <p>Análise do entorno económico e social do municipio</p> <p>Referencia ás Directrices de ordenación do territorio, ao planeamento vixente e ás principais afeccións territoriais do municipio.</p> <p>Analizado o planeamento propón diversas cuestións a que se deberían abordar.</p> <p>Emprazamento da oficina. Definición de medios materiais: equipos informáticos, software, material complementario de oficina, material de uso topográfico, transporte.</p> <p>Reunión semanal co Concello</p> <p>Aspectos negativos:</p> <p>Cadro de desenvolvemento metodolóxico parcialmente xenérico e sen referencia a lexislación como o Plan básico autonómico, a Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración urbana de Galicia ou á normativa de paisaxe. Non se analiza ou detalla a problemática dos traballos concretos.</p>
10 puntos	5,50 puntos
a) Plan de calidad	<p>Aspectos positivos:</p> <p>Presenta certificacións de xestión de calidade da empresa</p> <p>Define a organización dedicada ao control de calidade</p> <p>Existe un equipo externo de calidade que mensualmente realiza auditorías</p> <p>Definición do plan de calidade con follas de control e seguimento</p> <p>Aspecto negativo:</p> <p>Parcialmente xenérico.</p>
10 puntos	5,50 puntos
PUNTUACIÓN TOTAL	11,00 puntos

Á vista do resultado anterior, non constando nos Pregos a necesidade de superar unha puntuación mínima nesta fase de valoración, a oferta examinada é apta para continuar no proceso selectivo.

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS
Av. Porto da Coruña 2
15003 A Coruña

7 CONSIDERACIÓN FINAL

Despois de completado o proceso selectivo, mediante a emisión dos informes técnicos e xurídicos pertinentes e da formulación da proposta de adxudicación que corresponda, o órgano de contratación adoptará a decisión que xulgue máis procedente.

CONCLUSIÓN

Da análise e avaliación da ofertas presentada polo licitador, nesta fase do procedemento, resulta a seguinte puntuación total:

LICITADOR	PUNTUACIÓN
Estudio técnico gallego, S.A.	11,00 puntos

Este é o meu informe que, composto de 5 páxinas numeradas e sometido a opinións mellor fundadas, emito para o Concello de Ordes en relación coa solicitude de informe para avaliar as referencias técnicas da oferta presentada para a asistencia técnica e urbanística, co fin de que conste para os efectos oportunos.

A Coruña, 15 de decembro de 2022

A arquitecta do SATM

Teresa Fernández Lorenzo

Visto e prace, a arquitecta-xefa do SATM

Carmen Ruiz Alarcón